

**CONCURSO OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE  
CONDUTOR OPERARIO**

**SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN: CUESTIONARIO TIPO TEST**

**1. Cal é a forma política do Estado español?**

- a) Monarquía Constitucional.
- b) Monarquía Parlamentaria.**
- c) Democracia Parlamentaria.
- d) Monarquía Democrática.

**2.- Segundo o artigo 137 da Constitución Española, o Estado organizase territorialmente en:**

- a) Concellos, Deputacións Provinciais e Administracións Autonómicas.
- b) Municipios, Provincias e Comunidades Autónomas que se constitúan.**
- c) Municipios, Comarcas, Provincias e Comunidades Autónomas que se constitúan.
- d) A b) e a c) son correctas.

**3. Segundo a vixente Constitución, cal das seguintes afirmacións é correcta?**

- a) A provincia é unha entidade local, determinada pola agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades da Comunidade Autónoma.
- b) A provincia é unha entidade local, determinada pola agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades do Goberno.
- c) A provincia é unha entidade local, determinada pola agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades do Estado.**
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**4. Quen integra o Pleno?**

**ANULADA**

- a) O Alcalde e os Tenentes de Alcalde.
- b) O Alcalde e a Comisión de Goberno.
- c) Todos os concelleiros.**

d) Ningunha das anteriores.

**5- Conforme ao artigo 26 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, é un servizo obrigatorio para os concellos de menos de 5.000 habitantes:**

a) **Limpeza viaria**

b) tratamento de residuos.

c) Biblioteca pública.

d) Avaliación e información de situacións de necesidade social

**6.- Non é competencia dos concellos**

a) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local

b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

c) Protección da salubridade

d) **Creación, mantemento e xestión das escolas infantís de educación de titularidade pública de primeiro ciclo de educación infantil**

**7.- O persoal laboral o servizo das administracións públicas rexese:**

a) Exclusivamente pola lexislación laboral

b) Exclusivamente polo Estatuto básico do empregado público.

c) **Ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do Estatuto básico do empregado público que así o dispoñan.**

d) Pola lexislación laboral e os convenios colectivos sectoriais correspondentes a actividade desenvolvida

**8. As sesións do Pleno poden ser dos seguintes tipos:**

a) Ordinarias, Extraordinarias, Extraordinarias de carácter Excepcional.

b) **Ordinarias, Extraordinarias, Extraordinarias de carácter Urxente.**

c) Ordinarias, Ordinarias de carácter Urxente, Extraordinarias.

d) Ordinarias, Extraordinarias e Excepcionais.

**9. Ante quen toma posesión o Alcalde**

- a) ante o órgano competente da comunicade autónoma
- b) Ante o Pleno**
- c) Ante a Xunta de Goberno Local.
- d) Ante o alcalde sainte

**10. Quen forma os concellos? ANULADA**

- a) Os concelleiros
- b) O alcalde
- c) O alcalde e os concelleiros**
- d) O alcalde, os concelleiros e a oposición

**11 Con que concellos limita Moeche? ANULADA**

- a) Cerdido, As Somozas e San Sadurniño
- b) Cerdido, As Somozas, Cedeira e San Sadurniño
- c) Cerdido, San Sadurniño, Valdoviño e As Somozas**
- d) Cerdido , San Sadurniño, Narón

**12 O depósito municipal de auga está situado no lugar de... ANULADA**

- a) Ribeira- Labacengos
- b) A Amosa- Santa Cruz**
- c) O Tellado- Santa Cruz
- d) Trieiro- Abade

**13. Para facer unha mestura de formigón que empregarías ...**

- a) Auga, cemento e area.
- b) Auga e cemento.
- c) Auga e area.
- d) Auga, cemento, area e grava miúda.**

**14. Que nome recibe unha pesa normalmente de metal, cónica ou cilíndrica que marca o nivel vertical?**

- a) Paleta.
- b) Berbiquí.
- c) Plomada.
- d) Calibre.

**15 Pintura plástica. O seu secado é:**

- a) Por simple evaporación da auga.
- b) Por permeabilización.
- c) Por impermeabilización.
- d) Por enornado.

**16. Cal das seguintes é unha ferramenta de suxeición?**

- a) Sarxento
- b) Cabo
- c) Xeral
- d) Todas o son

**17. Que é un EPI ...**

- a) Equipos de protección colectivo.
- b) Equipos de protección persoal.
- c) Equipos de produción colectivo.
- d) Equipos de produción persoal.

**18. En xeral, a propiedade máis característica e a que define a calidade dun formigón é:**

- a) A compacidad do formigón
- b) A densidade do formigón
- c) A resistencia á compresión do formigón
- d) A elasticidade do formigón

**19. Ao manipular unha carga no traballo, deberemos:**

- a) Manter as pernas rectas e baixar as costas.
- b) **Dobrar as pernas mantendo as costas rectas.**
- c) Flexionar unha perna e as costas.
- d) Ningunha é correcta.

**20. Se estamos a realizar unha reparación na beirarrúa, sen afectar á calzada: ANULADA**

- a) Non é necesario sinalizar as obras, posto que non afecta á calzada.
- b) Deberá sinalizarse en función de se a rúa é ou non peonil.
- c) Deberá sinalizarse só de noite, quitando os sinais durante o día.
- d) **Sempre deberá sinalizarse.**

**21.- A biela do motor dun tractor divídese en:**

- a) Pé, sombrerete e cabeza.
- b) Pé e cabeza.
- c) **Pé, corpo e cabeza.**
- d) Corpo, bufón e pé.

**22.- O ciclo teórico dun motor de catro tempos é:**

- a) **Admisión — compresión — combustión expansión — escape.**
- b) Compresión — admisión — combustión expansión — escape.
- c) Admisión — compresión — combustión expansión —primeira carreira.
- d) Primeira carreira — escape — segunda carreira — escape.

**23.- Das catro afirmacións seguintes marcar cal delas é a correcta:**

- a) **As operacións de mantemento normal de un tractor débense realizar en base a un número determinado de horas traballadas.**
- b) As operacións de mantemento normal de un tractor débense realizar en base a un número determinado de quilómetros percorridos.
- c) As operacións de mantemento normal de un tractor realízanse segundo o criterio do tractorista.
- d) os tractores na actualidade non necesitan mantemento.

**24.- Para a distribución da cola na colocación de plaqueta cerámica, empregaremos:**

- a) Llana rectangular
- b) Llana dentada**
- c) Llana de goma
- d) Esparavel

**25. O escarificador, será una ferramenta fundamental para:**

- a) Fontaneiro
- b) Albanel
- c) Pintor
- d) Xardiñeiro**

**26 As señais de obrigación, según R.D 485/1997, de 14 de abril, sobre SEÑALIZACIÓN DE SEGURIDADY SALUD EN EL TRABAJO, serán:**

- a) Forma redonda. Pictograma blanco sobre fondo azul**
- b) Forma triangular. Pictograma blanco sobre fondo azul
- c) Forma redonda. Pictograma negro sobre fondo blanco
- d) Forma rectangular o cuadada. Pictograma blanco sobre fondo rojo

**27. A sinal de “fin de obras” (TR-500), será:**

- a) Forma redonda, fondo azul
- b) Forma redonda, fondo amarillo**
- c) Forma cuadrada, fondo azul
- d) Forma triangular, fondo amarillo

**28. Para evitar un accidente por sobrepresión, en un circuito hidráulico, instalaremos:**

- a) Un manómetro
- b) Unha válvula reductora de presión, na saída do circuito
- c) Un presostato
- d) Unha válvula de seguridade, en calquera punto do circuito**

**29 ¿Cómo se chama a peza con forma de lámina mais longa que forma parte de unha ballesta?**

- a) **Maestra**
- b) Xemelga
- c) Capuchina
- b) Brida

**30 Si temos un problema có “PALETON”, teremos que recurrir ó:**

- a) Fontaneiro
- b) Albanel
- c) Carpinteiro
- d) **Cerralleiro**

#### PREGUNTAS DE RESERVA

**R1. . Segundo o art. 33 da Constitución Española:**

- a) Ninguén poderá ser privado dos seus bens e propiedades senón por causa xustificada de utilidade pública ou interese social, mediante a correspondente indemnización e de conformidade co disposto polas leis
- b) Ninguén poderá ser privado dos seus bens e posesións senón por causa xustificada de utilidade pública ou interese político, mediante a correspondente indemnización e de conformidade co disposto polas leis
- c) **Ninguén poderá ser privado dos seus bens e dereitos senón por causa xustificada de utilidade pública ou interese social, mediante a correspondente indemnización e de conformidade co disposto por as leis**
- d) Ninguén poderá ser privado dos seus bens e facenda senón por causa xustificada de utilidade pública ou interese social, mediante a correspondente indemnización e de conformidade co disposto por as leis

**R2.- O cadro do persoal de cada Corporación local deberá ser aprobada:**

- a) Anualmente, a través do orzamento, é dicir, con ocasión da aprobación do mesmo.
- b) Anualmente, comprendendo só os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.
- c) Anualmente, comprendendo todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, con posterioridade á aprobación do orzamento.
- d) Polo Alcalde

**R3.- En que lugar e parroquia está situado a instalación municipal do centro cultural Francisco Piñeiro?**

- a) San Ramón, parroquia de San Xoán
- b) O Castelo, parroquia de San Xurxo
- c) **Trieiro, parroquia de Abade**
- d) A Igrexa, parroquia de Labacengos

**R4. Que é o hipoclorito?**

- a) Un suavizante.
- b) **Un desinfectante.**
- c) Un deterxente.
- d) Un pequeno regulador de cloro.

**R4. A orde da demolición será de ...**

- a) Esquerda a dereita.
- b) Dereita a esquerda.
- c) Abaixo a arriba.
- d) **Arriba a abaixo.**